

POL

Anuncio

Modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles

Por non se presentar reclamacións queda elevado a definitivo o acordo adoptado polo Concello Pleno na sesión do día 21 de novembro de 2011 que a continuación se transcribe, e faise público xunto co texto da Ordenanza Fiscal do IBI, en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 17.4 do RDL2/2004, de 5 de marzo:

María Lourdes Jato Álvarez, secretaria interventora do Concello de Pol (Lugo)

Certifico: Que o Concello Pleno na sesión do día 21 de novembro de dous mil once ACORDOU:

"**2.- Propuesta de la Alcaldía: Modificación de la ordenanza reguladora del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, tipos impositivos.**- Se da cuenta de la propuesta de la alcaldía siguiente:

Vistas as dificultades de financiamento do Concello para fazer fronte á prestación dos servizos públicos que ten que afrontar e a necesidade de adaptar as ordenanzas fiscais aos gastos reais dos mesmos.

Visto que neste Concello a porcentaxe do capítulo I, impostos directos, é inferior á que indica o Consello de Contas no seu informe como media dos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **acordo**:

1º. Aprobar a modificación o artigo 6º - tipos de gravame e cota - da ordenanza fiscal do imposto sobre bens inmobles, que esta Alcaldía propón establecer da seguinte forma:

Para os bens inmobles de natureza URBANA o 0,6 por 100, (a ordenanza vixente ten establecido o 0,5 por 100).

Para os bens inmobles de natureza RÚSTICA o 0,6 por 100 (a ordenanza vixente ten establecido o 0,5 por 100). Para todos os grupos de bens inmobles de CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS, o 1,3 por 100 (o mesmo establecido na ordenanza vixente, que é o tipo máximo establecido no artigo 72.2 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo).

2º. Expoñer ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles para que se podan presentar as alegacións que se estimen oportunas que serán resoltas pola Corporación.

3º. De non producirse alegacións no prazo sinalado, a ordenanza se considera aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo y se publicará de conformidade co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

- Don Artemio Gustavo Carballes Fernández(PP) dice que votará en contra, en el momento actual de crisis no tiene sentido.

- Doña María Blanca Fernández Martínez (BNG) dice que su voto también será negativo. Su grupo ya votó en contra en otra ocasión. El incremento de un 0,1 que se propone supone un aumento del 20 por 100. Si hay dificultades de financiamento, hay que establecer prioridades en el gasto. En anterior mandato el BNG supuso un freno.

No entiende la urgencia, dice que deben celebrarse los plenos los días fijados, le ocasiona problemas en su trabajo celebrarlos en otras fechas.

- El Alcalde dice que se va a aprobar. Anteriormente se opusieron PP y BNG, pero la financiación local es raquítica y aunque no sea popular, hay que tomar decisiones.

Debatido el asunto se procede a la votación de la propuesta que se aprueba por seis votos a favor (6) de PSdeG-PSOE y tres en contra (3) de PP y BNG."

Anexo

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como o disposto no artigo 59 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo coas modificacións introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, nas súas disposicións adicionais séptima e décima.

Tendo en conta a definición de bens inmobles realizada polos artigos 6 a 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, e especialmente logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en sentencia de 30 de maio de 2007 pola que declara nulo parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento da citada Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por Real Decreto 417/2006, de 7 de abril, no que se refire aos bens inmobles de características especiais.

O Concello Pleno na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2011 acordou modificar o artigo 6- tipos de gravame e cota- incrementando os tipos dos bens de natureza RUSTICA (0,6) e URBANA (0,6), e o texto da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Ben Inmobles que recolle esta modificación é o que seguinte:

Artigo 1º.- Feito imponible.-

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobilios está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos, urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles o sobre os servizos públicos aos que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxección do inmoble urbano o rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmoble non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmoble non afectada por unha concesión.

Teñen consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas que regula o Catastro Inmobiliario.

Estando comprendidos entre os bens inmobles de características especiales, coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentencia do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007, os seguintes grupos:

1. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
2. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu lecho ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
3. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe.
4. Os aeroportos e portos comerciais.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No caso de bens inmobles de características especiales, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmoble directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmobles de características especiales, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo ao que se atope afectado ou adscrito o inmoble ou aquel a cuxo cargo se atope a súa administración e xestión, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3º.- Exencións.-

Ademais das exencións directas aplicadas de oficio como as de carácter rogado comprendidas no artigo 62 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, en virtude do disposto no artigo 62.3 do mesmo texto legal, quedarán exentos:

- a) Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 6,00 euros.
- b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6,00 euros.

Artigo 4º.-Base imponible.-

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmobles de características especiales non terá reducción de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004, na súa redacción dada por Lei 16/2007.

Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 5º.- Base liquidable.-

1.- A base liquidable será o resultado de practicar, no seu caso, na imponible as reduccións que legalmente se establezan.

A reducción será aplicable de oficio coas normas contidas nos artigos 67, 68, 69 e 70 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

2.- A base liquidable, nos bens inmobles de características especiales, coincidirá coa base imponible, salvo as específicas aplicacións que prevea a lexislación.

O artigo 67.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004 dispón que no caso de bens inmobles de características especiales a reducción na base imponible únicamente procederá cando o valor catastral resultante da aplicación dunha nova Ponencia de valores especial supere o dobre do que, como inmoble dessa clase, tivera previamente asignado. En defecto de este valor, tomarase como tal o 40 por cento do que resulte da nova Ponencia.

Artigo 6º. -Tipo de gravame e cota.-

O tipo de gravame fixado será:

- a) para os bens inmobles de natureza URBANA o 0,6 por 100
- b.) Para os bens inmobles de natureza RÚSTICA o 0,6 por 100
- c) Para todos os grupos de bens inmobles de características especiais o 1,3 por 100.

A cota tributaria será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame correspondente.

Artigo 7º. - Bonificacións.-

Serán aplicables aquellas que prevé a lexislación das facendas locais como obligatorias.

Artigo 8º.- Período impositivo e devengo do imposto.-

1. O período impositivo é o ano natural.
2. O imposto se devenga o primeiro día do ano.
3. As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.

Artigo 9º. Xestión do imposto.-

O imposto xestionase a partir da información contida no padrón catastral nos demais documentos expresivos das súas variacións elaborados ao efecto pola Dirección Xeral do Catastro, sen prexuízo da competencia municipal para a cualificación de inmobles de uso residencial desocupados. Dito padrón formarase anualmente para cada termo municipal, e conterá a información relativa aos bens inmobles separadamente para os de cada clase.

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais entenderanse exercidas pola Administración convida ou delegada.

Artigo 10º. Lexislación supletoria.-

No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos no Texo Refundido das facendas locais,e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 11.- Data de aprobación e vixencia.-

Esta ordenanza aprobada polo Pleno en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2011, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do acordo de modificación e o texto íntegro da ordenanza

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano siguiente ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do acordo de modificación e o texto íntegro da ordenanza, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa."

Contra o acordo de aprobación definitiva poderase interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde a publicación deste anuncio, de conformidade co disposto no art. 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

POL, 9 de xaneiro de 2012..- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega

R. 0282

RIBADEO

Anuncio

Tendo sido acordado polo Pleno Municipal en sesión ordinaria de data 16 de xaneiro de 2011 a revogación da modificación operada sobre a Ordenanza Fiscal número II reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles no que atinxe ao tipo de gravame sobre bens de natureza urbana, que foi publicada no Boletín Oficial